



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

PROVIDENCIA DE INICIO

Á vista do requirimento de emenda efectuado a este Concello pola Subdirección Xeral de Autorización e inspección de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia, compre actualizar as Normas de Funcionamento (Regulamento de Réxime Interior) que teñen por obxecto establecer a organización e funcionamento do Punto de Atención á Infancia, ao abeiro da normativa estatal e autonómica que rexe a materia así como as ordenanzas e regulamentos municipais, ou normativa que, no seu caso, os substitúa.

DISPOÑO:

Primeiro: Que se incoe o correspondente procedemento e dar inicio ao expediente de actualización das Normas de Funcionamento (Regulamento de Réxime Interior) que ten por obxecto establecer a organización e funcionamento do Punto de Atención á Infancia.

Segundo: Solicitar informe técnico ao Departamento de Servizos Sociais, acerca das modificacións que é preciso acometer, coa redacción do futuro Regulamento de Réxime Interior.

Asinado na data da sinatura dixital.

A alcaldesa.

M^a Teresa Villaverde Pais